

# Onstopus

<https://viladebueu.eu/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

**Xornal:** anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** cunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº124/ Ano: 2026 / 2º xornal Mes de abril/ Estado de Primavera

Para comunicar con Onstopus: [tinopardellas1957@gmail.com](mailto:tinopardellas1957@gmail.com) / [celestinopardellas@gmail.com](mailto:celestinopardellas@gmail.com)




Cés, cinco Campos de Voluntariado. A Ons, este ano, a Xunta concédelle un. Un xeito político de funcionar. Páx. 1

Foto: Parques Nacionais



Houbo tempos en que en Ons había que buscarse a vida para poder pasar unha longa estadia. Cociñar era algo imprescindible. Páx. 2



Unha Biblioteca na Sede do Parque Nacional. Ten que ser unha realidade. Páx. 3



Que pasa co radar de Ons, xa non é necesario? Páx. 2



Deixounos Marita, un referente no estudo da flora da Illa de Ons na década de 1980. Páx. 4



Salgadoiro de Suxestións

Un camiño moi transitado que necesita arranxo para evitar accidentes. Páx. 5

A revista cultural AUNIOS entra no seu penúltimo número.

Foi presentada na Sala das Cunchas do concello de O Grove. Páx. 6

**Breves:**

- Parque Nacional Activo. Páxs. 2 e 5
- Contos de Taberna. Novo barco a Ons. Páx. 3
- Unha Taberna a visitar. Páx. 4
- Propostas para unha ponte en Ons. Páx. 5



Faro de Ons. Páx. 7

# OUTRO ANO MÁIS, A ILLA DE ONS, DISCRIMINADA POLA XUNTA DE GALICIA (XUVENTUDE)

A Xunta de Galicia, por medio de *Cultura-Xuventude*, discrimina outro ano máis a Ons en favor das Cíes.

Si, nestas pequenas cousas é onde se ve o xeito de gobernar. Mentres critican que se favoreza a Cataluña e Euskadi en detrimento das outras comunidades, entre elas Galicia, xuventude fai o mesmo no Parque Nacional, favorecendo a Cíes con **5 Campos de Voluntariado** durante os meses de xullo a setembro e a Ons, **1 de 10 días en xuño**, cando, as necesidades, segundo o que van realizar eses mozos en Cíes son, como mínimo, as mesmas, e aínda diría máis, pois Ons, ao ser unha illa habitada, ten máis necesidades que Cíes. Que é o que pasa? **Pois pura política!!!**

A miña opinión sobre este tema pode vir, de que as Cíes pertencen a Vigo e nesta cidade o seu alcalde arrasa, polo que hai que intentar non darlle motivos para que siga subindo chanzos de popularidade, por iso, para Cíes unha **enorme tarta** e para Ons, este ano, un **carameliño**, para que non se enfaden.

Imaxinan que fose ao contrario, que lle deran 5 Campos a Ons e 1 a Cíes? A que ía montar Caballero, ía ser boa!!! E, polo tanto, máis popularidade para el, dicindo que a **Xunta discrimina a Vigo** e ás Cíes. Así é a política, o que critican a uns, fano despois eles igual. Por certo, non sei que opinará ao respecto o alcalde de Bueu (**BNG**).

Este tema xa o tratei no Onstopus nº 121, páx. 1: <https://viladebueu.eu/Revistas/Onstopus/121/onstopus-121.pdf>

PONTEVEDRA						
Código	Campo	Localidade	Dende/Áta	Idade	Prazas	Ficha
583000	Marxía alba	A Estrada	36/08/2026 17/09/2026	18-50	15	
583001	Memoria do mar	Borino	17/08/2026 24/09/2026	18-50	15	
583002	Rural influences	Cerdoso-Cotozaco	30/08/2026 17/09/2026	18-50	15	
583003	Tracción verde	Lalín	36/08/2026 17/09/2026	18-50	15	
583005	Altea A. Galicia	Miás	36/08/2026 14/09/2026	18-50	15	
583006	Sandros do Louro	O Pombo	36/08/2026 14/09/2026	18-50	15	
583007	Illa de Ons	Bueu	15/06/2026 26/06/2026	18-50	20	
583008	Costa azul	Ferrol	23/07/2026 30/08/2026	18-50	15	
583009	Na procura das tortugas do Baño Miño-As Cortes	Tampón	30/07/2026 14/08/2026	18-50	15	
583010	Salvemos o mar	Vilanova de Arousa	30/07/2026 14/08/2026	18-50	15	
583011	Arousa azul	Vilanova de Arousa	23/07/2026 30/08/2026	18-50	25	
583012	Illas Cíes	Vigo	31/07/2026 17/08/2026	18-50	20	
583013	Illas Cíes II	Vigo	15/07/2026 26/07/2026	18-50	20	
583014	Illas Cíes III	Vigo	31/08/2026 12/09/2026	18-50	20	
583015	Illas Cíes IV	Vigo	17/08/2026 28/08/2026	18-50	20	
583016	Illas Cíes V	Vigo	31/08/2026 10/09/2026	18-50	20	

(\*) 2 prazas reservadas para persoas con discapacidade

Non sei como se vai desenvolver ese Campo de Voluntariado en Ons. Polo que escriben, o seu labor será igual que nas Cíes. Tampouco sei se o traballo a realizar estará dirixido por persoal de Xuventude, se o encargarán a unha empresa privada ou se o levará o persoal de Parques.

Dende logo o mes de xuño, con respecto ao que se vaia a levar a cabo, supoño que serán traballos medioambientais, pois os de sensibilización de visitantes, nese mes en Ons, a afluencia é mínima, agás excursións, que levan guía, ou os fins de semana.

Espero que conten con asesoramento previo, que o persoal co que traballen sexa consciente que en 10 días é complicado levar unhas actuacións ao 100% e que están alí para colaborar na boa marcha dun espazo que pertence a un Parque Nacional.

**A ver como se desenvolve.**



CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

Xacobeo 2027

## CAMPO DE VOLUNTARIADO ILLAS CÍES

(VIGO - PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PAZAS
1-12/07/2026	18-30	Internacional	Ambiental	20
15-26/07/2026	18-30	Internacional	Ambiental	20
1-12/08/2026	18-30	Internacional	Ambiental	20
17-28/08/2026	18-30	Internacional	Ambiental	20
1-12/09/2026	18-30	Internacional	Ambiental	20



### LOCALIZACIÓN

Este campo de voluntariado está situado nas Illas Cíes, concretamente na Illa de Monteagudo (zona norte) na embocadura da Ría de Vigo.

As Illas Cíes forman parte xunto cos arquipélagos de Cortegado, Salvora e Ons, do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

O valor ecolóxico do seu medio mariño é incalculable, xa que dentro das súas augas consérvanse algúns dos exemplos máis representativos dos ecosistemas mariños atlánticos, que atesouran unha gran riqueza biolóxica.

O medio mariño do Parque é un gran mosaico de hábitats distintos que sustentan unha extraordinaria diversidade de flora e fauna. Hai importantes comunidades como os bosques de algas pardas (*Saccorhiza polyschides* e *Laminaria spp.*), ou as asociadas a fondos como os de M&erl, e tamén encontramos hábitats definidos como de interese comunitario ou prioritario dentro da Directiva Hábitats do Unión Europea, como os arrecifes, lagoas ou bancos de area pouco profundos cubertos permanentemente de auga marinha.

O medio terrestre está fortemente influenciado pola proximidade do océano, destacando os sistemas de dunas, os acantilados e os matos de toxo ou queiroga.

Tamén na parte emerxida das illas encontramos hábitats considerados como de interese comunitario ou prioritario polas directivas, como as dunas grises, os matos litórais

aerohalinos ou os matos de queiroga húmidos atlánticos meridionais.

O principal problema para a conservación deste medio foi a presión humana. Sobre todo nas Illas Cíes as plantacións de eucaliptos, piñeiros ou acacias desprazaron en varias zonas a vexetación autóctona. A erradicación destas especies é un proceso a moi longo prazo no que xa se está traballando e do que se apreciarán os resultados de forma gradual.

Na actualidade estanse realizando actuacións para desenvolver unha adecuada xestión do uso público, os residuos das illas, a navegación e o fondeo de embarcacións, pesca, marisqueo etc.

A pesca deportiva e a pesca submarina están prohibidas dentro dos límites do parque.



### DESCRIPCIÓN DO CAMPO

O traballo será medioambiental e consistirá en labores de mantemento da illa, extinción de incendios, labores de información e sensibilización das persoas visitantes e intervencións puntuais de mellora no Parque en colaboración cos traballadores do servizo de medio ambiente.

Limpeza da illa sur (única illa non comunicada por barco de viaxeiros). (Esta actividade depende do parque, non se poderá realizar en todas as quedadas).

NOTA: Este campo non dispón de acceso para persoas con discapacidades físicas.

### ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Actividades deportivas
- Mergullo
- Dinámicas grupais
- Rutas guiadas
- Obradoiros
- Veladas temáticas
- Actividades ambientais

### COMO CHEGAR

O acceso ás Illas Cíes farase en barco dende a estación marítima (ao lado do Náutico) do porto de Vigo. Ten unha duración aproximada da viaxe de 50 minutos.

A ruta Vigo-Illas Cíes realízase a Naviera Mar de Ons.

**IMPORTANTE:** NO MOMENTO DE ADQUIRIR A PASAXE PARA O BARCO DEBERASE INDICAR A PARTICIPACIÓN NO CAMPO DE VOLUNTARIADO. DA SOLICITUDE DOS PERMISOS DE ACCESO Á ILLA ENCARGARASE A D. XERAL DE XUVENTUDE E SERÁN RETIRADOS NO EMBARCADEIRO Á ILLA.

### ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

As persoas participantes aloxaranse en tendas de campaña, que contan con literas con base de lona para o descanso, dentro do recinto do campo de voluntariado das Illas Cíes (Vigo-Pontevedra). A instalación dispón de barracóns para comedor e duchas.

Na illa hai un supermercado e tres restaurantes-bar.



### INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

Ao longo do primeiro día, despois das 16:00 h no punto de información que hai no embarcadoro da illa.

O campo remata o último día despois do almorzo.

### COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acollidora ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

Que inclúe? Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de

lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

### DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

Equipo aconsellable

- Útiles de aseo
  - Saco de dormir e mochila para rutas
  - Calzado adecuado para montaña e calzado deportivo
  - Roupa de deporte, de baño, de abrigo, de auga, de traballo (luvas, gorro, lanterna...). Recomendase o uso de gorro e protección solar.
- Non hai lavadora para roupa (lavado a man).

### DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

### SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro que cobre os accidentes que se poiden producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

### CONTACTOS



Dirección Xeral de Xuventude: [campodevoluntariado.xuventude@xunta.gal](mailto:campodevoluntariado.xuventude@xunta.gal)

Servizo de Xuventude de Vigo: [campospontevedra.xuventude@xunta.gal](mailto:campospontevedra.xuventude@xunta.gal)

### INFORMACIÓN ADICIONAL

[xuventude.xunta.es](http://xuventude.xunta.es) Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia, con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.



## ONS NA MEMORIA

O pasado día 24 de novembro de 2025, cumpríronse dous anos do pasamento dun dos habitantes da Acampada de Melide máis popular, **MARACAIBO**.

Cando un destes días de inverno me acheguei a Ons e din un paseo, atopei, nunha das últimas casas onde habitou, unha das súas obras, refírome a un forno, feito cos materiais propios do lugar. (*Foto da dereita*).

Ao miralo, veume á cabeza a década de 1980 cando en Melide acampaban, tanto no eucaliptal, como en cabanas na praia e nas dunas.

Nunha desas cabanas, Maracaibo, realizou unha auténtica obra de arte, tamén con materiais autóctonos, dun forno onde cociñaban, facían pan,... (*Foto esquerda*). Estas obras, como non, forman parte da Historia desta Illa.

## XA NON É NECESARIO EN ONS O RADAR?

Dende hai máis dun ano, a instalación segue, pero o radar desapareceu. Este radar de vixilancia instalouno a empresa Indra a petición do Ministerio do Interior. Ao igual que o de Cíes, entra no Sistema Integrado de Vixilancia Exterior (SIVE) da Garda Civil para a loita contra o narcotráfico.

No seu momento, tanto veciños como a asociación PineirÓns, preguntou se as posibles radiacións que podería emitir ese radar, poderían influír nas persoas, ao que contestaron que non, aínda que si é certo que, en ocasións, notábanse fallos nos móbiles.

O que non entendemos é, o por que agora está inactivo, o que provoca que esa instalación se estea deteriorando, co gasto que traerá o seu arranxo.



## PARQUE NACIONAL ACTIVO. COÑECEMENTO DAS SÚAS ÁRBORES

Desaparecidos case todos os eucaliptos e con varias zonas de piñeiros, Ons ten, aínda que moi dispersos, unha poboación de árbores e arbustos interesante e que sería importante coñecer.

Sigo pensando, que un Parque Nacional, se non ten actividade, é un Parque sen vida, baleiro. É por iso que os responsables e xestores teñen a obriga de darlle “vida”, e que mellor que organizando Xornadas Divulgativas, in situ, con especialistas dinamizadores que sexan capaces de transmitir vida á propia natureza, impartindo cursos sobre o coñecemento das



Temos interesantes árbores como esta senlleira sobreira, que moi poucos se decatan da súa presenza cada vez que encamiñan o seu paseo cara a Melide. E, a que é debido? Pois á falla de información e sobre todo de divulgación por medio de cursos e xornadas na propia Illa. Ons, ten un suxestivo patrimonio natural. Pola súa parte, Parques e a Consellería falan de desestacionalizar o turismo. Á illa vén unha boa cantidade de persoas ao longo do ano. ... Pero a falla dunha programación activa, fai que só a praia, sol e pequenas andainas, sexa o que o Parque oferta.

*Por unha xestión activa no Parque: Xornadas Divulgativas sobre as árbores e arbustos na Illa de Ons.*

## IMPRESINDIBLE UNHA BIBLIOTECA OU ARQUIVO NA SEDE DO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS (V) QUE PODE OFRECER (I)

En anteriores Onstopus, xa falei da necesidade dunha Biblioteca-Arquivo na sede central do Parque. Vimos o que necesita: como unha sala específica, mobiliario adecuado, zona de investigación... Tamén toquei a necesaria presenza dun Bibliotecario/a, que non só proporcione o material que lle pidan, senón que sexa: comunicador, activo, que estea constantemente á procura de material,..., e sobre todo que sexa un gran dinamizador.

Coido que ese espazo, a nivel investigador, dará moita vida ao Parque e favorecerá a comunicación e a relación entre a poboación e o Parque Nacional para que, posteriormente, o visitante sexa consciente de todo o que lle pode ofrecer o Parque e o que se pode realizar nel.

E xa para dar remate, polo de agora, ao tema da **Biblioteca**, quero expoñer unha idea que, coido, pode ser de moito interese se, en realidade, aos políticos con competencias (Consellería de M. Ambiente e D. Xeral de Patrimonio Natural) e aos responsables-xestores-funcionarios lle interesa verdadeiramente o Parque Nacional.

Ao longo do tempo, moitas persoas pasaron por Ons e, loxicamente, polas demais illas do Parque. Moitas destas persoas, sen esquecernos dos seus habitantes, por diferentes circunstancias, tomaron notas, fixeron entrevistas ou algún tipo de estudo particular, sacaron fotos, realizaron filmacións, conectaron coa poboación autóctona, ..., é dicir, fixeron algún tipo de “**investigación**” particular sobre estas illas e as súas comunidades veciñais e, case seguro, aínda gardan, ou teñen *traspapelado*, extraviado ou descolocado todo ese material, **importantísimo** para coñecer a historia das illas e seguir pescudando sobre as súas peculiaridades.


Todos eses elementos, poden ser de **grande valor documental** e chegado un momento e por razóns varias, quizais queiran **doalo a institucións** para a súa catalogación, salvagarda, protección,..., ou, simplemente, porque lle poden ser de gran valor a estudosos e investigadores.

Os arquivos, museos, bibliotecas,..., soen ter os seus espazos a tope, recorrendo a gardar os documentos e materiais, perfectamente catalogados, en depósitos, almacéns, rochos,..., sobre todo aqueles que non teñen un uso asiduo.

Tamén estas institucións, só acollen material de certa importancia e interese xeral, polo que moita documentación, considerada secundaria, pero importante, pérdese ou pasa a engrosar os contedores do lixo.

É por iso que a **Biblioteca-Arquivo do Parque Nacional podería acoller, resgardar, coidar, manter,..., dando a información necesaria e chegando aos acordos que sexan indispensables ou obrigatorios aos posible doadores, para que ese posible material sobre as illas, pase a formar parte do Patrimonio Cultural do Parque Nacional das Illas Atlánticas.**

**Canta documentación sobre as illas perderíase xa por non existir un lugar a onde ofrecelo e cedelo?**



*Sobre Ons, hai persoas que, ao longo dos anos, estiveron traballando e investigando sobre as súas interesantes características e acumulan documentación que pode ser moi valiosa para futuros investigadores. Pode ser que nun momento dado, queiran cedelo ou entregalo a algunha institución que vaia aproveitalo para futuros estudos.*

*Penso que unha Biblioteca-Arquivo na Sede do Parque Nacional das Illas Atlánticas podería ser receptora dese importante material.*

**Na foto: Un dos varios andeis ou librarías que ten Tinón con documentación específica sobre a Illa de Ons.**



### CONTOS DE TABERNA <NOVO BARCO A ONS>

O auniense Carlos Patiño (*Carrillo*) na súa última visita a Malaga, topouse con este barco, ideal para facer travesías turísticas a Ons, e non o dubidou, sacou de billeiteira e pagouno ao contado. Contan que xa está navegando rumbo a Ons dende Nerja, con el como patrón.

As navieiras que fan o servizo de pasaxeiros á Illa, están acolloadas pois, semellante embarcación e tan popular, pode causarlle un dano económico tremebundo, vai ser a súa ruína!!!

Carrillo di que vai poñer prezos populares e xa conta cunha subvención da Xunta para viaxes escolares

## DEIXOUNOS MARITA. “María Souto Figueroa” (17/04/2026)

O día 21 de abril líamos no Faro un artigo de Opinión de María do Carmo Henriques Salido onde falaba do pasamento de *María Souto Figueroa*. (*M<sup>a</sup> do Carmo e viúva de Pepe Posada, moi relacionado coa Illa de Ons xunto co seu irmán, o enxeñeiro Manolo Posada. Os tres M<sup>a</sup> do Carmo, Pepe e Manolo foron articulistas da revista AUNIOS*). <https://www.farodevigo.es/opinion/2026/04/21/in-memoriám-da-marita-souto-129323899.html>

**Marita**, catedrática e doutora en Ciencias Químicas, licenciada en Farmacia e diplomada en Nutrición e Dietética Humana. *Membro da International Society of Medical Hydrology and Climatology*. Conta con varias publicacións, medallas e premios pola súa traxectoria investigadora.

**Marita**, tivo dúas facetas investigadoras principais. Unha foi o **TERMALISMO** (*Referente internacional en hidroloxía médica e termalismo científico. Dedicou a súa carreira ao estudo químico-analítico das augas termais e mineromedicinais, especialmente da provincia de Ourense, impulsando o seu recoñecemento como recurso terapéutico e patrimonial*), e outra foi a **FLORA**.

**Marita** chegou a Ons, coido, a mediados da década de 1980. Contactou comigo a través do recoñecido fotógrafo ourensán, **Miguel González Barreal** (*Coñecido como Manzanitas no Circo “Ciudad de los Muchachos” onde creceu dende moi neno.*) Quería estudar a Flora desta Illa e pediulle a Miguel se lle podía axudar co tema fotográfico, ao que non se negou, pero, foi imposible esa axuda polo problema do achegamento a Ons cando Marita o necesitaba, outono-primavera-inverno.

A carón do aspecto fotográfico, que solucionou facéndoo ela mesma, estaba o contacto cos veciños e o poder moverse polos seus terreos sen problema, cousa que lle solucioné eu, á vez tamén, de botarlle unha man na procura das plantas, o seu almacenamento e o transporte a terra para o seu estudo científico.

O seu traballo foi ímprobo daquela, pola falla de axuda da administración xestora e polo achegamento á Illa, aínda que, a partires do 2000 contou coa axuda do garda forestal e despois de Parques.



Era unha muller totalmente dedicada ao seu labor; se ía a Ons tres días, non paraba de percorrela en busca de material e información, e o pouco tempo libre que lle quedaba, intentaba que persoas, coma min, lle botaran unha man no que precisara; non tiña tempo para o ocio e o descanso.

Cando despois de máis de dúas décadas de investigación, xa tiña o traballo feito sobre a Flora de Ons, xunto á súa compañeira Pilar de Sa Otero (*Doutora en Ciencias Biolóxicas*), aínda tivo que pasar un tempo para que llo publicaran, ata que, por fin, a Deputación de Pontevedra tivo a ben facelo.

A presentación principal foi no Museo Massó, en Bueu, onde fun invitado por ela, tendo a sorte de recibir un dos libros e que mo dedicara con todo o seu cariño.

**Marita**, unha enorme investigadora sobre a Flora de Ons nos tempos que o único traballo que se coñecía sobre o tema, e aínda así inédito, era o de Santiago Castroviejo Bolívar (*Mediados da década de 1960*).

Dende a Illa de Ons, unha **AGARIMOSA** aperta **MARITA**.



### TABERNA DA CANCELA

Non, non pensen vostedes que fago esta referencia por publicidade pagada, ata aí poderíamos chegar, é polo recoñecemento a un deses poucos lugares que, a carón do excelente trato e o seu fantástico viño, aínda por riba, tal e como están os tempos e cun prezo, polo viño, que non o atopas nuns quilómetros á redonda, son quen de poñerte uns pinchos, cortesía da casa, dos de quitarse o sombreiro

Aquí poño dous exemplos: O **primeiro**, é un ovo caseiro mesturado con pan de millo, unha auténtica ambrosía. Eu tomeino cun tinto magnífico.

O **segundo** é unha delicatessen de fabas, que nada teñen que envexar á, disque, famosa fabada asturiana.

Podería seguir poñendo exemplos, pero aquí o deixo.

**Taberna Cancela/as Angustias/Xil/Meaño**

## SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS


Esta suxestión, enviada por un veciño de Ons, ten relación co tema do camiño secundario que vai dende Curro cara ao do Faro, atallando ao carón do Bar Pirata, e que toquei no anterior nº 123, na páx. 3. Dinos o seguinte:

*“... quedas corto co que dís, ese camiño, aquí che mando as fotos, está cada vez peor. Tes razón que o arranxaron varias veces, pero tan pronto se pon a chover, volve a estar que non se anda por el. Por el acordamos moito para á nosa casa. Ao subir, inda que está mal, imos sorteando as pedras polos lados, ao baixar é un perigo, sobre todo para a xente maior, porque resbalas moito coas pedras. Como dís, é un camiño moi transitado e deberían arranxalo mellor. Se podes, manda algo a parques para ver se o arranxan dunha vez. .... Gracias”*

Prezado amigo, ese camiño, xunto co que vai dende o cruce de Chan da Pólvora ata o Faro, levo/amos anos pedindo o seu arranxo definitivo, pero non sei o que pasa, o collen empresas de segunda ou o presuposto que lle ofrecen, non dá nin para separar as pedras. Tes toda a razón, sei que é moi utilizado polos veciños de Curro Alto, Chan da Pólvora e Cucorno para atallar, sei tamén que o falades nos bares e ata, como é o teu caso, o pos en coñecemento das persoas que nos preocupamos polo benestar dos aunienses, pero penso que non chega, hai que seguir protestando. Podedes facelo, se é no verán, pedindo na caseta de información unha Folla de Reclamacións e despois, entre os interesados, reenchela e, ollo!!!, unha cada semana se non o arranxan, pedindo que vos dean unha copia da reclamación.

Tamén, que sempre fan máis forza, é comunicalo á directiva da Asociación Veciñal, para que sexan eles os que comprobem como está o camiño e que fagan tamén a súa reclamación. Ten presente, que se non protestades os que sodes prexudicados, ninguén o vai facer por vós, agás que ocorra algunha desgracia, entón si, danse conta.

O problema deste país, é que berramos moito nos bares, pero onde hai que facelo non, por iso eu recomendo que, se é necesario pedindo axuda, pedir folla de reclamacións no posto de Información do Parque e RECLAMAR os vossos dereitos, pois, para vixiarvos e denunciarvos están listos, pero para arranxar o que fan mal, .....



Fin de semana en la Isla de Ons

## DESCONEXI Ons

2 al 3 mayo 2026

- Traslado en barco desde Bueu
- Ruta guiada de una hora por la isla
- Cena en Casa Acuña
- 1 noche en Glamping Isla de Ons
- Desayuno picnic en el Glamping



125€  
POR PERSONA

Reserva ya

986 44 16 78

info@vioviajes.com

vioviajes

EN COLABORACIÓN CON:



## EL REGALO PERFECTO

Para Mamá

HASTA 50% DE  
DESCUENTO EN  
TU ESTANCIA

@aloxamentopirata



## PARQUE NACIONAL ACTIVO

Seguimos vendo interesantes propostas que ofrecen os establecementos de Ons, sen embargo non vemos ningunha para esa ponte por parte do Parque Nacional. Non sería atraínte, aproveitando esas ofertas, organizar visitas guiadas con charlas e observación, por exemplo: ornitolóxica, de flora, arqueolóxica, ..., con guías especialistas en cada unha? Non debería ser complicado, unha coordinación adecuada entre navieiras e restaurantes co Parque e poder organizar **Plans Activos** na Illa de Ons. Unha pena, pois esta ponte sería ideal para observacións varias sen aglomeracións.

# PRESENTACIÓN DA REVISTA AUNIOS nº 31



Cun cheo na Sala das Cunchas do Concello de O Grove, celebrouse o pasado mércores 22 de abril a presentación da que vai ser, penúltima Revista **AUNIOS**, concretamente a nº 31.

Ás 20'15 comezou o acto coa intervención do acordeonista meco **Antonio Folgada**, mentres ía chegando a xente.

Acto seguido o Presidente de Pineiróns, (**Tinón**) tomou a palabra facendo unha pequena introdución ao por que da decisión tomada sobre o final, no 2027, desta publicación, comentando que os mínimos obxectivos estaban conseguidos, aínda que queda moito por facer, e agradecendo aos articulistas, casas comerciais e ao concello de O Grove o seu apoio ao longo destes 28 anos.

Rematada intervención do presidente da asociación, tomou a palabra o secretario de dita agrupación **Pepe Taboada**, para presentar a **Francisco Meis**, que ía ser o encargado de debullar os artigos deste número.

Comentou que Fran, a carón de ser o técnico de Medio Ambiente do Concello de O Grove, era un importante divulgador e cronista da vila meca e realiza interesantes investigacións, exposicións,..., e que foi galardoado, polo seu traballo, coa Centola de Ouro no ano 2018



Seguidamente tomou a palabra **Fran Meis** que dando un cambio ao xeito de presentar que se levaba facendo estes anos atrás, dividiu os artigos en apartados: Historia, etnografía, memorias e testemuñas, creación literaria, ciencia e medio ambiente e homenaxes, facendo a presentación moi atractiva e didáctica conseguindo o obxectivo que propoñemos nestas exposicións, que é conseguir incentivar e estimular ao público para a súa posterior lectura, cousa que, dende logo, conseguimos.

Ao remate expresou o seu pesar polo remate desta publicación e pediu un aplauso para todos os socios de Pineiróns que, ao longo destes anos, levaron esta revista adiante. Rematou o acto **Tinón**, dando as grazas a todos os asistentes e repartíndose gratuitamente a revista.


## ANTONIO FOLGADA

Dende a Asociación Pineiróns, queremos agradecer ao músico meco **Antonio Folgada**, que nos acompañara nestes últimos anos nas presentacións da revista en O Grove, facendo máis levadía á espera antes das presentacións. Antonio é membro da famosa agrupación grovese “Os Firrás” e ultimamente é un dos últimos fichases do grupo musical “Portonovo canta”.

**MOITAS GRAZAS**



# FARO De ONS



Que alegría ver como a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, fala de min, e dos meus compañeiros da Ría, na súa páxina de Facebook:

<https://www.facebook.com/puertodemarín>